

## **Novidades relativas á promoción do alumnado de primaria no curso 2021/2022. Novos criterios de promoción.**

No pasado mes de febreiro publicouse a *ORDE do 25 de xaneiro de 2022* que ten por obxecto actualizar a normativa sobre a avaliación e a promoción na educación primaria, afectando principalmente ós criterios de avaliación , promoción e concreción curricular. Estes cambios aplicaranse xa no curso actual resultando especialmente interesante para as familias o relativo os criterios de promoción do alumnado. No Artigo 6 do Capítulo II da citada ORDE , sinálase:

“1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.”

Isto supón que unicamente o alumnado de segundo, cuarto ou sexto de primaria que non acade unha avaliación positiva pode permanecer un ano máis no mesmo curso.

O alumnado de primeiro , terceiro ou quinto de primaria promocionará de curso automaticamente.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

O equipo docente.